

Se tivera que me tapar, por algún motivo de forza maior, coa obra de Mauro Trastoy, coma dise que fixeron tropas Napoleónicas durante a invasión a Península cos lenzos roubados a mosteiros e conventos saqueados, e que empregaron logo coma abrigos ou tendas de campaña gracias as propiedades impermeabilizantes que a liñaza confería nas teas. Faríao coma normalmente fago con moitas camisetas interiores e calcetíns dos que me incomodan certas costuras ou etiquetas (cada vez, por certo, máis difíciles de quitar) do revés. Pero coma, por sorte, ése non é o caso, agradézolle a Trastoy o coidado posto na elección do soporte e o tratamento que del fixo, dos cais desculpen non vaia afondar pois non teño espazo suficiente, e con catro palabras entendan que non se pode, ou alo menos eu non. Polo tanto vou tirar para saír do paso xa non de catro senón dunha soa palabra. Esa palabra que se adoita dicir nestos casos no argot, ésa que en castelán queda algo cursi pero en galego non ten rival: pezón.

Tampouco podo reducir a unhas poucas verbas calqueira das obras da exposición, dúas liñas para José Luis Seara, outras dúas para Tatiana Medal, non pode ser, pois a atención no xesto que pon cada un deles, mentres un abre espazos a outra os ordea pero que, se nos poñemos finos, logo Berio Molina desordearía e Jacobo Bugarín volvería ordear, bueno, xa me liei. Onde ía?

-Berio, por certo... desculpa que meta o dedo na chaga, (coma metiches tí o garfo, por outro lado...). Pagaches ao final aquel café con croisant?

Sigamos, ou empecemos, a ver se dou.

A delicadeza da atención que poidamos pór no que semellan en principio ser puras intrascendencias pode revelarnos que, coma cantaron Aerolíneas Federales... (hala, ía ben e xa o escarallei). En fin, de perdidos ao río: Coma cantaron Aerolíneas Federales non todo é o que parece, e a cousa ata pode que incluso, coma nas pedras de Verónica Moar, ou na pintura de Carlos Maciá nos saia ao

revés. Para que non suceda debemos por suficiente atención. Unha atención que, coma di Gregorio Luri, *é o cociente do futuro*, supoño que en parte polo despiste ao que nos somete tanto emoticoño. Ai perdón! Quería dicir emoticona... non, non, tampouco... O que quero dicir é, a ver se me sae, emoticono, iso! Uf, por fin. Pode que ata academos deixar de enredarnos neles, nos emoti... cómo era? O contrario do que vemos no vídeo de Edu Fernández, e todo por non querer perder o tempo, coma apunta con ironía Cillas Rodríguez, reivindicando a saudable costume de desconectarse para saber perdelo de cando en vez. E aburrirse, non sí? As veces ata nos esquencemos de aburrirnos... que cousas! En fin, como dicía aquel chiste do Roto, chámannos atrasados por ir amodiño. Pero a min gústame esa cantarela.

Entre a abstracción equilibrada e xestual de Miquel Vergara, ou as formas líquidas de Nuria Lago e María Meseguer Icaín, por unha banda, e a figuración de corte neorromántico da pintura de Andrés Gabarres, o debuxo de Rosana Calvo ou a foto de Mar Caldas, situaría a pintura de María José Santiso, as esculturas de Pablo Barreiro ou Manuel Lareo, e as máquinas de debuxar de Marco Moreira, máis de andar por casa, pero coidado, non por ilo banáis ou intrascendentes. Pois igual que do traballo de Trastoy, coma o de Carlos Maciá ou do Peregquiano Joan Morera, se podería dicir aquilo de Mies vd Rohe que *Deus está no detalle*. Nos traballos de Santiso, Barreiro, Lareo ou Moreira, afirmariamos o mesmo pero nas, menos pomposas, verbas de Santa Teresa de que está entre os cacharros. Pero como dixen que non me ía a extender, tiro de chiste malo, porque *menos é Mies*.